

EXERCICIO AUTOAVALIABLE

CUESTIÓNS:

1. Le os seguintes fragmentos de obras teatrais e indica a súa tipoloxía, é dicir, a que tipo de xénero dramático corresponde. Debes razoar a túa resposta.
 - a) Fragmento de *Noite de lobos* de Xosé Agrelo Hermo.
 - b) Fragmento de *O velorio* de Francisco Taxes
2. Comenta a xerarquía de personaxes no fragmento de *Noite de lobos*, xustificando a túa resposta.
3. Busca nas didascalias do fragmento de *O velorio* indicacións respecto de :
 - a) intención dos persoaxes e accións que os acompañan
 - b) ambiente e espazo
4. Cales son as distincións básicas entre o texto teatral e a representación teatal?
5. Que función ten a maquillaxe na representación teatral?

FRAGMENTO DE NOITE DE LOBOS DE XOSÉ AGRELO HERMO

Noite de lobos. Xornada I

Xornada I

COCIÑA CASA RICA DE ALDEIA

ANTÓN: Maruxa, pechastes ben as portas e máis as fiestras?

MARUXA: Pechei. Xa llo dixen denantes.

ANTÓN: E que nestas noites poden baixar os lobos e hai que ter moito coidado co gando. Se nos descoidamos, alá vai a ganancia de medio ano.

XAN: Non botes foguetes, papá. Quente ouvira ía coidar que a túa facenda depende dunha vaca máis ou menos.

ANTÓN: E non é certo? Que saberás ti do que custa gañar os cartos...! Os estudantes vivides na cidade agardando que vos manden o xiro e non entendedes nada das cousas da terra. Ás veces falades por non estaredes calados, pero todo é da gorxa para riba. Moitas teorías e despois... Non, non tendes dereito a falar, e ti menos aínda que nengún pois tan sequer puxéraslle atención aos libros. Pero, ca; que traballen os fillos dos pobres...

XAN: Non comecemos outra vez.

ANTÓN: Só é o que ti desexas: que eu non te faga cavilar. Coidas que xa es un traballador porque andiveches por aí adiante xogando a obreiro un par de meses?

XAN: De xogar nada, papá. Baixeí ás minas e fixen callos nas mans. Durmin no chan e enchin a boca de carbón. Como lle chamas ti a iso?

ANTÓN: Chámolle moda ou "snobismo", como queiras. O traballo é algo moi diferente, meu fillo. É... é un xeito de vivir a carón da terra... e, que saberás ti da terra?

XAN: Eu non dixen que soubera...

ANTÓN: Pois non tenciones gobernar a casa. E xa abonda. Maruxa, botástelle a tranca á porta da eira?

MARUXA: Botei, si señor...

PAUSA

ANTÓN: Que xeito de ventar, Deus! Eses tronos! Pedro, mañán se torna o bo tempo, vas buscar os canteiros para reparar os alpendres. Este colleunos o inverno un pouco descoidados. Xa o debias ter feito antes. Non te esquezas.

PEDRO: Descoide... non me esqueceréi.

XAN: Pedro, fálle caso ao teu sogro e agradecelle que non te mande buscar os canteiros agora mesmo.

ANTÓN: Ti, por que non vas durmir?. Aínda que coido que nos estarás moi canso. Sempre andas de vacacións...

XAN: Xa vou, xa vou. Deica mañán.

OÉNSE OS OUBEOS DOS LOBOS. FICAN TODOS CALADOS E OLLAN UNS PARA OS OUTROS.

MARUXA: *(PERSINA-SE).* Velaí están!

PEDRO: *(ARRIMA-SE A MARUXA).* Xa viñeron!

ANTÓN: As primeiras neves empuxanos para baixo. Teñen fame; están cheos de fame e o cheiro das cortes chama por eles. Pobres de nós! *(A XAN).* Ti non ibas durmir?

XAN: Xa vou. Agora quero ouvir os lobos. Se os poidera ver

MARUXA: Ti estás tolo! Arrenegado sexa o demo!... Con este tempo e os lobos andando por aí, pobre do que teña que ir esta noite polas corredeiras.

XAN: Coido que ninguén se atreverá a facelo.

ANTÓN: Tería que estar tolo ou ter moi pouca dor da súa vida.

SOAN TRES GOLPES SECOS E FORTES. TODOS OLLANSE ASUSTADOS.

XAN: Petan á porta?

ANTÓN: Non pode ser. Sería o vento. Outra cousa non...

VOLVEN OS GOLPES

MARUXA: Virxe santa! Pois petan de verdade...!

PEDRO: Non teñas medo, muller. Quen será?

XAN: Que facemos, papá?

ANTÓN: Non se vos ocorra abrir por nada do mundo. Pedro, bota unha olla pola fiestra. Ves algo?

PEDRO: Non se ve nada. Está moi escuro.

ANTÓN: Pecha as contras. Trae a escopeta.

XAN: Pero, vas abrir?

ANTÓN: Eu que sei... *(SOAN OS GOLPES MÁIS FORTES).* Voume arrimar ao portal para escoitar *(COLLE A ESCOPETA).* Non vos movades de aquí. Xa veño.

XAN: Vou contigo. *(VANSE)*

PEDRO E MARUXA CÓLLENSE DAS MANS

ANTÓN: *(DENTRO).* Pero ti, animal, e que fas fóra da casa a estas horas, e cos lobos na aldea? Besta, mala besta!

XAN: (ENTRANDO). É o Cortizo.

DETRÁS DO ANTÓN ENTRA O CORTIZO, EMPAPADO ATA OS ÓSOS. TATEXA.

CORTIZO: Voste...de per... perdoe, señor Antón. Pero eu... eu...

ANTÓN: Eu... eu... eu... Eu sabía que eras parvo, pero non tanto. Ti daste conta do perigo que pasaches? Non, coido que non, porque ti non te das conta de nada. Hai que ver... Dende logo a quen se lle ocorre sair hoxe da casa...

CORTIZO: E que... Xoana está soíña... Vai parir, señor Antón, vai parir e na casa do Soutiño non ... non temos porta. Poden entrar os lobos! E ela vai parir esta noite..

CHORA

XAN: Que está a dicir?

ANTÓN: Quen lle fai caso... Disque a súa querida vai ter un crío e como non ten porta no coberto onde viven, ten medo que entren os lobos. Mira qué nos pode importar a nós...!

MARUXA: Pobre muller, Que medo estará a pasar!

XAN: Pero, é a súa muller?

ANTÓN: Que vai ser! Xuntouse con ela hai uns meses cando xa estaba preñada sabe Deus de quen. Vaia xuntoiro. O parvo da aldea e máis a puta da parróquia..

CORTIZO: Señor Antón... a Xoana...os lobos...

XAN: El parece namorado dela.

ANTÓN: Namorado este...? Non me fagas rir. Que saberá este o que é namorarse... Non ves que é un animal?

CORTIZO: Señor Antón... veña connigo... axúdeme. Axude á Xoana e ao neno que vai vir...Comeranos os lobos!

ANTÓN: Como vou ir alá? Ti non rixes...

CORTIZO: Por favor, señor..

ANTÓN: Xa abonda! Vaite agora mesmo con todos os diaños. Ti, a Xoana e máis os lobos facedes todos unha boa camada.

XAN: Papá, a este home hai que axudalo.

CORTIZO: Si... si...

ANTÓN: Ti vas para a cama. Agora resulta que un preguiceiro coma ti coma ti quererse facer o heroe. Vouche dar unha labazada...

XAN: Pero esta xente vive na miséria, non teñen portas nen xanelas e os lobos van denizar á nai e máis á criatura. Deixame ir!

ANTÓN: Está quedo! Desta casa non sal ningún. O tolo este, se quer, pode durmir na barra. É todo canto poido facer por el.

CORTIZO: (XEME). Veñan... pola Virxe... Xoana...

ANTÓN: Cala, Cortizo! Non imos estar toda a noite de lérica. Vas ou quedas?

XAN: Papá...!

CORTIZO: (DESESPERADO). Voume, voume...

ANTÓN: Pedro, lévao á porta e pecha ben detrás del. (SILENCIO). E agora todo o mundo para a cama. Mañán será outro día.

SAEN TODOS MENOS ANTÓN QUE FICA SENTADO.

FAISE ESCURO.



FRAGMENTO DE O VELORIO DE FRANCISCO TAXES

O Velorio Cadro Primeiro

PERSONAXES

OS FILLOS:	DON XURXO DONA MARÍA
O GREGO:	DON XOSÉ
O SANCRISTÁN:	ROQUE
OS CRIADOS:	XUSTO VITIÑA
OS OBRIGADOS:	MANOEL CHONE MINGUIÑO
AS CHORONAS:	CHORONA PRIMEIRA CHORONA SEGUNDA LECHA

ESCENARIO

Dous planos —cociña e sala— e acción paralela. Simultaneidade que terá que apoiarse nun continuo xogo de luz e sombra.

CADRO PRIMEIRO

Enriba, pregando axeonlladas, dona María, Lecha, Chorona primeira e Chorona segunda. Á cabeceira do cadaleito, un home aínda novo —Don Xurxo— comodamente acadeirado nun sofá, fita a face do seu pai morto, e os brazos pendúranlle entre as pernas. Non reza.

Embaixo, unha muller —Vitiña— criada do casal, quenta café na lareira. Ó seu carón, un home de indefinida idade —Xusto—, tamén criado da facenda, estrica as mans á calorciña da tizoeira.

Balbor de choiva.

Ouvean os cans.

A campá toca a morto.

Voz (fóra): lles agardaban que fixesemos,
e nós diciámoslle que si,
que iamos facer...
E iles ollábannos
coma quen olla ó ceo...
E nós diciámoslle que si...
E iles agardaban
cheos de anxeios e esperanza.
E nós diciámoslle que si,
que iamos facer...
E iles sorrían coa ialma chea de ledicia,
E nós diciámoslle que si,
que iamos facer...
E iles sorrían
coa ialma chea de ledicia,
E nós diciámoslle que si...

Xusto: (*quentando as mans*). Ista cabrona choiva vai facer que non veña ninguén.

Vitiña: (*ateando o lume*). Menos traballo...

Xusto: Muller... Sempre fan compañía... E a noite hai que botala en pé...

Vitiña: ¡Ti tes a caña!

Xusto: ¿E ti non...?

Vitiña: (*alfurcada*). ¡Eu teño! ¡Boeno!

Xusto: (*ríndose*). ¡Non será a primeira ves que che vexo caer de cu...!

Vitiña: Por aí vas ti a...

Aconchégase á mesa, enche unhas cunquiñas de café que xa estaban dispostas sobor dunha bandexa. Tamén hai unha botella de caña.

Xusto: (*ríndose ó tempo que ela fai o mandado*) ¡Non te me embafes, que tes moi mala uva...!

Achégase e tíralle un pelisco.

Vitiña: (*escudíndoo*) ¡Deixa, deixa... que non tamos nunha festa... (*afastándose e achegándose á lareira*)

Xusto: ¡Non será pra ti...!

Vitiña: (*sen deixar de ollalo, colle a bandexa e dispónse a rubir as escaleiras*) ¡Se serás castrón...!

Tras rematar o rosario, séntense fortes tusidos e aloucos.

Xusto: ¡Rube súpeto, que xa remataron o sesto...!

Vitiña: (*rubindo*) ¡Xa vou!

Enriba, Vitiña serve café. Enbaixo, Xusto prende un pito na tizoada cando chaman a porta e dispónse a abrir. Abre e bótase a unha banda pra darlle paso a Manoeliño, labrego homildoso e non moi vello, que entra sacudindo a pucha.

Xusto: Pasa, pasa, Manuel... Chone, ¿e...?

Manoel: ¡Chone carallo! (*olla ó seu redor*) ¿Seica son o primeiro?

Xusto: Senta un anaco... Dos homes si... As meigas cegaron co corvo... Xa levan seis rosarios e catro cafés con caña...

Manoel: (*senta e rí*) ¡Logo van ben!

Xusto achega unha botella e dúas copas, serve e senta. Enriba están a rematar o café.

Lecha: (*deixando a cunca*) ¡Que sexa pola súa ialma!

Dona María: (*acadeirada ó fronte do seu irmán*). Amén

Choronas: Amén.

Don Xurxo: Aínda non veu ninguén, ¿verdade Vitiña...?

Vitiña: Cando eu rubín, non señor... É que lle chove moito...

Don Xurxo: ¡Xa, xa! Se fose para pregar calquera cousa xa percurarían abeiro...

Lecha: (*ferretuda*) Así lle é a vida, don Xurxo... Así lle é a vida...

Chorona primeira: E il que tanto fixo...

Lecha: (*ferretuda*) Deus llo terá en conta..

Xusto: Conta, conta, Manoel... ¿Que se di pola aldea?

Manoel: (*encollendo os ombreiros*) Home... Que che vou dicir? Uns fan festa e outros...

Xusto: Tamén (*rí*).

Lecha: Vitiña, muller....¿Podíasme botar unha miaxiña de caña? ¡Collín tanto frío...!

Vitiña érguese e serve.

Vitiña: ¿E vostede quere unha pouquiña, dona María?

Dona María: Non, Vitiña, non... teño solás... (*chamándoa a unha beira, dille*). Cando che pida outro café, bótaslle a caña embaixo... (*Vitiña asente*). Xurxo, ti deberías baixar por se chega algún home...

Don Xurxo: Cando cheguen xa me chamarán... (*alocado, afondando a face entre as mans*) ¡Eu quero estar co meu pai! ¡Meu papaiño!

Dona María tamén chora cubrindo a faciana cun pano. As outras mulleres fanlle compañía amodiño, ó tempo que Manoel pregunta embaixo:

Manoel: ¿Sabes se denantes de morrer queimou as obrigas?

Xusto: Home, a min non mo dixo...(*ri*). Pero penso que se tal cousa fixera, xa tiña estoupado....

Manoel: ¿E o fillo?

Xusto: ¡Coma o pai...! ¡Outro fillo dunha lumia! Boeno... Iste é o neto...

Manoel: E ti, ¿como os aturas?

Xusto: (*ferretudo*) ¡Uuuu! Eu xa tou afeito, compañeiro... Eiquí xanto... Eiquí durmo... Eiquí ñapo o que poido... (*ri*) ¡Vou vivindo!.

Serve outras copias.

Manoel: (*ríndose tamén*) ¡Ti es un castrón...!

Xusto: (*retranqueiro*) ¿E que outra cousa podo ser...?

Dona María: Baixa, Vitiña... Pode ser que chegase xente e ise paspán de Xusto... E súbenos máis café...

Vitiña: (*erguéndose*). Moi ben, dona María, como vostede mande... (*baixa*).

Chorona segunda: ¿Botamos outro rosario pola ialma do difuntiño?

Dona María: Botámolo.

Axeónllanse e escomenzan os rezos.

Vitiña: (*xa embaixo*) ¡Ai Manoel, xa chegaches! ¿Levas moito tempo eiquí?

Manoel: Un anaco...

Vitiña: ¿E como non rubiches?

Manoel: ¡Teño tempo!.

Vitiña: (*severa*) ¿Cando te enchas con ise castrón) (*a Xusto*) ¿E ti como non avisaches ó amo?

Xusto: (*contrariado*) ¿Non che digo o que penso...!

Vitiña, achegándose ó lume pon o café a quentar.

Vitiña: ¿Non qués un cafeíño, Manoel?

Manoel: Aínda non...

Chaman á porta.

Vitiña: Vai ti, Xusto...

Xusto: (*erguéndose*) Outro mollado ¡Se eu vivise lonxe...! (*abre*) ¡Don Xosé! ¿E vostede por eiquí outra ves...? ¡Xa está confesado...!

Entra Don Xosé, crego da parroquia. É un home groso, de faciana bondadeira. Ignorando as palabras de Xusto, sacode a choiva do sombreiro e o abrigo e vai cara a Manoel.

Don Xosé: ¡Home, Manoel, ollos que che ven...!

Manoel, sen chegar a erguerse

Manoel: ¿Como vai, don Xosé...?

Don Xosé: Senta, senta... Eu ben... (*pendura o abrigo e o sombreiro*). Pero... ¿e ti? Dende que bautizáchedes a última nena non che voltei ollar...

Manoel: Hai moito que facer, don Xosé.

Don Xosé: Xa, xa... As cousas de Deus rouban moito tempo... (*senta*) Sinto rezar enriba e eu tamén veño facelo, pro denantes vou tomar un cafeíño ben quente... ¿e, Vitiña?

Vitiña: Non fallaría máis, don Xosé... Agora mesmo llo dou...

Don Xosé: Non corre présa... ¡Boeno, home, boeno!

Xusto: (*a don Xosé, ó tempo que senta*) Co seu permiso...

Don Xosé: É teu, Xustiño, é teu... ¿E logo que contas, Manoel...?

Manoel: ¿Que quer que lle conte? Moit traballo e moita fame... (*con sorna*) Pra algúns.

Don Xosé: (*retranqueiro*) Pra todos, compañeiro, pra todos... Se non hai pan prós pobres, tampouco o hai prós santos....

Xusto: (*rindo*) Os santos con pouco se amañan. ¡O pau non xanta!

Vitiña: (*servindo café*) ¡Non sexas besta, Xusto! Non lle faga caso, don Xosé...

Don Xosé: ¡Uuuuuu, miña filliña...! ¡Como se un pastor non coñecese ós seus carneiros...!

Xusto: Ovellas, don Xosé, ovellas...

Don Xosé: De todo hai no rabaño... E ti, precisamente ti, es un carneiro...

Enriba rematan os rezos e escomezan os tusidos.

Parez que remataron o rosario. (*apura o café e érguese*) Vou pra alá ¿Ti vés, Manoel?

Manoel: Vou, si señor...

Ruben os dous. Entra primeiro Don Xosé e as mulleres érguense. Dona María cae de xeonllos e, chorando, dorosa, bica as mans do crego. As outras mulleres fanlle compañía máis baixiño. Don Xurxo, sen erguerse da cadeira estira os brazos berrando. Manuel faise a unha banda e mira ó cadro coma quen ve chover.

Embaixo, xusto vai cara a Vitiña e a pelisca agarimosamente. Ela faise a unha beira, como non querendo, pro, namentres se vai desenrolando a escena de enriba, ela vaise deixando hastra rematar fundidos nunha forte aperta.

Don Xurxo: ¡Meu pai, don Xosé! ¡Meu pai estricado e sieiro!

Dona María: ¡Don Xosé, don Xosé! ¡Eiqué nos ten orfos! ¡Orfos, don Xosé! ¡Ai Deus! ¿Que será de nós, don Xosé...?

Lecha: (*sonsa*) ¿Que será deles, don Xosé, que será deles...? (*escacha a chorar*).

Don Xosé: Acougádevos... Acougádevos... Chamouno Deus a cando il... foi o seu aneiro... É a vida.

Medran os laios.

Xusto: ¡Berrade, carallo, berrade!

Vitiña: (*flebe*) Tate quedo Xusto... Tate quedo...

Xusto: Ai, miña Vitiña, que mágoa teño... Vén, faite consoladeira, vén...

Don Xurxo: ¡Meu pai...! ¡Meu pai! ¡Fálame, meu papaiño!

Don Xosé: Acougádevos...

Don Xurxo: ¡Non me fala, don Xosé!

Dona María: ¡Orfos, don Xosé, orfos pra sempre!

Don Xosé: Así imos rematando todos... ¡Lei de vida!

Dona María: (*zoroña*) ¿Por que nós, don Xosé, por que nós...?

Don Xurxo: ¡Meu pai! ¡Meu papaiño!

Dona María: (*zoroña*) ¡Somos boa xente! Imos á misa... facemos caridade... ¿Por que nós...?

Lecha: (*ferretura*) ¡É boa xente...!

Don Xosé: Lei de vida... Hoxe uns, mañán outros... ¡Lei de vida!

Dona María (*na súa zoroña e rexa*) ¡Non, non! ¡Deus non é xusto! ¿Por que nós...?
¡Non é xusto, ¡Non é xusto!

Don Xosé: Non desbarres, María, non desbarres...

Dona María: ¡Non é xusto! ¡Non é xusto!

Don Xosé, ignorando o que acontece ó seu redor, abre un libro ó pé do cadaleito e escomenza unha lectura ó xeito despois de persignarse.

Don Xosé: “En el nombre del Padre, del hijo y del Espíritu...”

Xusto: (*bicándoa e acareixándoa*) Non é xusta, Vitiña... Non é xusta... Déixame que che queira... Déixame... Déixame...

Vitiña: (*con verbas longas e estremecidas*) Xusto... Xusto... Xusto...

Dona María: (*tirándose sobor do cadaleito*) ¡Volve, papai, volve...! ¡Vén connosco, papai...!

Don Xurxo: Non vén, María, non vén... ..! ¡Xa non nos escoita...!

Vitiña: (*trememente*) ¡Xusto, que nos escoitan...! ¡Xusto, que van vir...!

Xusto: (*tirándoa sobor da mesa, sen escoitala*) ¡Aténdeme, Vitiña, aténdeme...! Son o teu Xusto... ¡O rei dos xustos...! ¡O rei dos xustos...!

A voz do crego faise monótona entre os sospiros de namoro de Vitiña e as verbas afervoadas de Xusto. Os fillos berran:

Os fillos: ¡Papai! ¡Papai!

Xusto, satisfeita xa a súa cobiza, di con voce aínda trememente.

Xusto: ¡Que boa estás, Vitiña...! ¡Que preta...!

SOLUCIÓNS:

1. Le os seguintes fragmentos de obras teatrais e indica a súa tipoloxía, é dicir, a que tipo de xénero dramático corresponde. Debes razoar a túa resposta.

a) Fragmento de *Noite de lobos* de Xosé Agreló Hermo.

Trátase dun xénero dramático culto, un **drama**.

Formalmente é idéntico á traxedia e á comedia. Representa un conflito que se dá no ámbito da realidade "normal" e adoita ter un final desgraciado. Descoñecemos o desenlace desta obra, por tratarse só dun fragmento, pero intuimos que non será feliz, dada a situación que se nos presenta. Os personaxes, menos grandiosos cós heroes clásicos e máis próximos á humanidade corrente, están a vivir aquí unha situación habitual na Galiza rural da época, o medo ao ataque dos lobos. Esta situación preséntase como unha situación límite para un dos personaxes, agravada pola insolidaridade entre os veciños e a falta de servizos médicos.

c) Fragmento de *O velorio* de Francisco Taxes

Estamos ante unha **farsa**, subxénero dramático, xeralmente breve, de tipo cómico-satírico no que a caracterización dos personaxes está esaxerada. A farsa realiza unha función crítica do poder, crenzas, política, relixión, etc. Neste fragmento, son satirizados os costumes relixiosos relativos ao velorio, tan arraigados no noso país.

2. Comenta a xerarquía de personaxes no fragmento de *Noite de lobos*, xustificando a túa resposta.

Para unha análise máis rigurosa, deberíamos coñecer a obra enteira; non obstante, e analizando exclusivamente o sucedido nestas escenas, podemos establecer a seguinte xerarquía de personaxes:

O personaxe protagonista, que constitúe o centro da escea, é Cortizo, nel recae o peso do conflito. É o protagonista e vítima da situación presentada.

O antagonista, que exerce oposición ao anterior, é claramente Antón, o pai, que confronta a Cortizo.

Como personaxes secundarios ou complementarios están Maruxa, Pedro, o seu home, e Xan, o seu irmán, que cumpren unha función secundaria.

3. Busca nas didascalias do fragmento de *O velorio* indicacións respecto de :

a) intención dos persoaxes e accións que os acompañan.

Xusto: (tirándoa sobor da mesa, sen escoitala)

Xusto, satisfeita xa a súa cobiza, di con voce aínda tremendo.

b) ambiente e espazo

Balbor de choiva; Ouvean os cans; A campá toca a morto.

4. Cales son as distincións básicas entre o texto teatral e a representación teatral?

TEXTO TEATRAL	REPRESENTACIÓN TEATRAL
<ul style="list-style-type: none"> — Foi escrito para ser representado. — O seu elemento básico é o diálogo (e ás veces o monólogo). — Predominan as funcións poética e apelativa. — Igual ca outros xéneros, caracterízase pola "ficcionalidade", é dicir, tanto o dramaturgo coma os actores simulan unha realidade diferente diante do público. — Desempeña unha función cultural. — Como calquera obra literaria, pervive no tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> — Non se pode separar do texto (é a representación dun texto). — Combínanse diferentes códigos: verbais (lingua) e extraverbais (paralingüístico e extralingüístico). — A emisión e a recepción son colectivas. — A representación é efémera, irrepetible (cada unha é diferente). Unha obra de teatro non se pode ver dúas veces de igual maneira debido aos elementos subxectivos dos actores, do director, escena e á composición do público.

5. Que función ten a maquillaxe na representación teatral?

Complementa o vestiario. Trátase dunha técnica que permite modificar a aparencia dunha persoa coa axuda de produtos cosméticos. Esta alteración afecta fundamentalmente ao rostro, aínda que en determinadas ocasións pode afectar ao todo o corpo, utilízase para completar a caracterización física do personaxe e informa sobre a súa condición e conduta.



EXERCICIO

CUESTIÓN

1. Define o xénero teatral, comenta as súas principais características e as diferenzas entre os tres principais xéneros cultos (traxedia, comedia e drama).
2. Fai un comentario da seguinte obra: *Branco e Negro* (texto íntegro) de Gustavo Pernas Cora.

Home e muller vestidos de branco e negro. Sala de espera con dúas sillas.

EL - (Incómodo) Vai calor, ¿eh?

ELA - 1300.

EL - ¿Como?

ELA - 1300º aí dentro...

EL - ¡Ah, si...! Iso lémbreme a cola do pan...

ELA - ¿Que?

EL - Tamén vai calor... o forno, xa sabe, e hai que esperar... claro que de pé... e alí fáseche a boca auga...

ELA - ¡Aah! (Rompe a chorar) ¡Auga!

EL - ¿Quere beber?

ELA - Non somos máis que auga...

EL - É bo chorar.

ELA - Nun 80%...

EL - O que faga falta.

ELA - Un 80% de nós é auga...

EL - Non crea que non o intento...

ELA - Tódolos días...

EL - Pero non podo...

ELA - Todos os días ás 5 da tarde...

EL - ¿Ás 5?

ELA - Despois do café.

EL - ¿O café?

ELA - Choro...

EL - ¿Sempre?

ELA - Era o seu costume...

EL - ¿Tamén choraba?

ELA - El non (Moi seria)

EL - ¿O seu home?

ELA - (Asente)

EL - (Achégase a proscenio) ¡Aah, non podo...!

ELA - ¿Que lle pasa?

EL - Que non irrita nada.

ELA - ¿O que?

EL - O fume... nin para chorar vale... esta fumata.

ELA - ¿Aínda segue?

EL - Non contamina nada.

ELA - Dixeron que era inocuo...

EL - Estéril...

ELA - Inmaculado...

EL - Puro.

ELA - Branco...

EL - E inodoro (Cheira) Pois non... non cheira nada...

ELA - ¡Ai, tecnoloxía alemana...! ¿Canto faltará?

EL - Non sei. Se cadra un 5 ou un 10%.

ELA - ¡Ai, é terrible!

EL - Unha película mala.

ELA - Un pesadelo.

EL - Quero dicir que nas películas malas coñécese o final desde o comezo... e aquí o final non hai quen o cambie... pero nas consultas dos médicos... iso é outra cousa... ¡que suspense...! ¡Aah! Nada (Intenta chorar outra vez) Levo acumulando tanto que...

ELA - ¿A súa muller?

EL - (Asente)

ELA - ¡Estaba enferma?

EL - Nas últimas semanas.

ELA - Coma el.

EL - Malas dixestións.

ELA - E logo os intestinos...

EL - Foi doloroso.

ELA - Foi moi rápido.

EL - Era tan guapa e delgada...

ELA - Era tan forte...

EL - E tan delicada

ELA - E tan cariñoso...

EL - E tan disposta...

ELA - Tan baril.

EL - Tan discreta.

ELA - (Chorando) ¡Ai, como amaba!

EL - Como se entregaba...

ELA - ¡Con que paixón apertaba...

EL - Como bicaba...

ELA - Con que furor.

EL - Con que ardor... Teño a sensación de que xa nos coñecemos...

ELA - 1300.

EL - ¿Como?

ELA - A 1300ª non queda nada.

EL - Nin rastro.

ELA - Nada.

EL - ¿Que son os ardores do amor comparados con isto?

ELA - Nada... ¡Aah!

EL - Sen embargo,... Nada... non me sae... e iso que a ocasión...

O altofalante interrompe o diálogo. É unha voz neutra, serena....

ALTOFALANTE - Por favor, número 5735 pase pola porta unha...

EL - Ese son eu...

ALTOFALANTE - Por favor, número 6924 pase pola porta dúas.

ELA - Esa son eu... (Mirando o número que saca do peto)

Ámbolos dous diríxense cara ás portas laterais de maneira que chocan ó cruzarse no centro.

OS DOUS - ¡Perdón!

Saen. Uns segundos despois volven entrar cada quen cunha urna funeraria nas mans e preséntanse.

EL - A miña muller...

ELA - O meu home...

Chocan as urnas a modo de saúdo.

EL - Encantado.

ELA - Encantada...

EL - (Mirando o reloxo) Xa ve, dúas horas.

ELA - ¡Ai, en tan pouco tempo...!

EL - Xa o dixo o cura... "En dúas horas aquí facemos o que a natureza fai en 20

anos..." ¿Qué vai facer con el?

ELA - Non sei, se cadra deixareino na librería da casa... ¡Gustábanlle tanto os libros!

EL - Ocupa tan pouco.

ELA - ... Ou gardalo nun nicho...

EL - É tan práctica.

ELA - Semella un xarrón...

EL - ¡Ai, era coma unha flor!

ELA - ... Ou espallalo na area...

EL - ¿Na area?

ELA - Si... tal vez nun recuncho da praia...

EL - (Agre) A ela tamén lle gustaba a praia...

ELA - Ben, xa rematou todo...

EL - Foi un pracer...

Volven chocar as urnas, logo rectifican e chocan as mans. Cando están a piques de saír. EL observa a etiqueta da súa urna...

EL - ¡Pedro!

ELA - ¿Que?

EL -(Horrorizado) ¡Pedro Caldas! ¿É o seu home?

ELA - ¿Cómo o sabe...? (Mira tamén ela a súa urna). Amalia Tórrida... ¿é a súa muller...?

EL - ¡Pedro!

ELA - ¡Amalia!

Deixan caer as urnas. As cinzas esparéxense polo chan.

EL - ¡Ei!

ELA - ¡Ela!

Recollen como poden o contido das urnas que semella mesturarse. Intentan disimular.

EL - Confundíronse.

ELA - Equivocáronse.

OS DOUS - ¡Que desgraciada coincidencia...!

ELA - ¿Coñecía ó meu home?

EL - De vista... Grandón el, ¿non?

ELA - Algunha vez vira a ela... branca de tez, ¿non?

EL - Estaba moi consumida...

ELA - Entendo.

EL - 40.000, supoño.

ELA - ¿Como dí?

EL - O prezo que lle deron.

ELA - ¡Ah...! 40, si, creo...

EL - ¡Ha! Os médicos cobraban menos...

ELA - Aquí non hai diferencias...

EL - Claro que xa non haberá máis consultas.

ELA - Nin de clases...

EL - Nin máis salas de espera...

ELA - Nin de sexos... nin...

EL - Pero si de peso...

ELA - Ó final somos todos iguais... gran máis, gran menos...

EL - Confúndese vostede... Os nenos menores de 6 anos levan desconto, ¿sabe?

ELA - ¿Tamén aquí?

EL - Unto sobre a tixola...

ELA - ¿Que? (Desconcertada)

EL - Ata os 6 anos a penas teñen ósos, ¿entende? Unto sobre a tixola... a urna baleira, señora... É tan desagradable para os pais... o cura aconsella que non veñan con nenos...

ELA - Desde logo non é un lugar axeitado para esa idade...

EL - 35 tiña ela.

ELA - 37 tiña el.

EL - 1300.

ELA - Non queda nada.

EL - Era tan fráxil.

ELA - Era tan atento.

EL - Era tan pálida.

ELA - E el tan moreno...

EL - ¡Branco e negro!

ELA - ¿Como?

EL - Observe (Abre a súa urna) ¿Ve ese puntos brancos? Son os ósos... A 1300º todo se evapora... as vísceras licúanse... a caixa desfáise e só quedan os ósos... Branco polos ósos...

ELA - ¿E ese puntos negros?

EL - Negro polo cerebro... ela non tiña moito... se me permite... (Colle a urna dela, mete un bolígrafo e remexe nas cinzas con el). Eses puntos negros, gordos, son o cerebro... que se vai reducindo pouco a pouco coma unha pasa... O seu home tiña máis cerebro...

ELA - O importante non é o tamaño.

EL - Ela non pensaba o mesmo...

ELA - A algúns redúceselle en vida.

EL - Era tan inxenua...

ELA - Tiña unha intelixencia negra...

EL - Pero non me fixeron desconto...

ELA - ¡Amalia!

EL - ¡Pedro...!

ELA - ¡Ah, como amaba!

EL - Non podo chorar...

ELA - Tódolos días ás 5 da tarde...

EL - Saía da casa...

ELA - Despois do café.

EL - ¿A onde vas, Amalia? Preguntaba eu...

ELA - A traballar, dicíame Pedro.

EL - A dar unha volta contestaba ela...

ELA - Tódolos días ás 5 en punto da tarde...

EL - Coma se entregaba detrás das canas.

ELA - El enriba dela.

EL - Ela debaixo... na area.

ELA - El enriba dela... Branco e negro...

EL - Eu detrás dun carballo.

ELA - Eu detrás dun castiñeiro.

EL - ¿Era vostede a que asomaba...?

ELA - ¡Iolanda Fontes...! ¿Era vostede o que se agachaba?

EL - Benxamín Seco. ¡Amalia!

ELA - ¡Pedro! Como choraba eu de rabia.

EL - ¡Ai!, como me aguantaba eu... Era tan grande e tan forte...

ELA - Era tan fráxil ela.

EL - Pero ben que aturaba o corpo del...

ELA - ¡Aiii! Era ela.

EL - ¡Aiii! Era el.

Os dous remexen cada vez con máis forza no interior das urnas, salpicando as cinzas polo chan.

OS DOUS - Queimados polo sol... sobre a area...

ELA - Despois do café.

EL - É tan inocuo...

ELA - Tecnoloxía alemana... e os alemáns disto si que entenden...

EL - É como azucre... Poderíase botar no café... Inofensivo...

ELA - Unhas gotas no café pasan inadvertidas...

EL - (Cómplice) ... Unhas gotas que se mesturaban nas súas linguas...

ELA - Un bo invento...

EL - Non queda nada....

ELA - Nin virus.

EL - Nin bacterias...

ELA - Non era máis que auga... o 80%...

EL - A 1300°...

ELA - Nada.

EL - Nin cheira... Branco coma a fariña do pan...

ELA - Como a area da praia...

EL - Negro coma a noite negra...

ELA - Estéril.

EL - ¿Sabe?, esperaba un neno.

ELA - ¿Amalia?

EL - E Pedro...

ELA - Nin rastro.

EL - Fume branco...

ELA - ¡Ai!, que son aqueles ardores comparados con isto.

EL - En catro semanas pódese facer o que a natureza tardaría 30 ou 40 anos... Non aturo as salas de espera...

ELA - ¿Un café...?

EL - Sen gotas.

ELA - Por suposto...

EL - ¿E despois..?

ELA - Despois está a praia... as canas... e eles mesturados ás 5 da tarde...

EL - Si, espallados ó vento.